

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 4 de novembro de 2021 sobre ampliación do prazo establecido no artigo 30.1 da Resolución do 8 de abril de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrência competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

A Resolución do 8 de abril de 2021, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 72, do 19 de abril, establece as bases reguladoras da subvención para investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

O prazo de xustificación será para a anualidade de 2021, ata o 15 de outubro de 2021 incluído, e para a anualidade de 2022 ata o 15 de marzo de 2022 (artigo 30.1 das bases reguladoras).

En data do 4 de outubro de 2021 (DOG núm. 195, do 8 de outubro) ampliouse o prazo de xustificación para a anualidade 2021 ata o 30 de novembro de 2021, pola recepción de numerosas peticións de prórroga por parte dos beneficiarios das axudas, debido a atrasos na subministración de maquinaria que está determinando que as empresas teñan dificultades para xustificar no prazo establecido, todo isto como consecuencia da situación que estamos a vivir como consecuencia da COVID-19, da crise dos microchips que ten ralentizado e mesmo paralizado o proceso de fabricación de maquinaria, e da crise consecuencia do encallamento no Canal de Suez do cargueiro Ever Given, polo que resulta indispensable a ampliación do prazo de xustificación das axudas para que se poidan finalizar os proxectos e presentar a documentación xustificativa.

Na actualidade, a persistencia da crise dos semicondutores, os aumentos de prezo das materias primas e a rápida transformación tecnolóxica son elementos que están a exercer presión sobre os subministradores de maquinaria, bens e equipamentos, o que ten como consecuencia que os beneficiarios das axudas estean a solicitar a ampliación do prazo de xustificación para o ano 2022.



O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra parte, con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificar a data límite que figura no artigo 30.1 das bases reguladoras para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa, quedando a redacción do artigo da seguinte maneira:

«O prazo de xustificación será para a anualidade de 2021, ata o 30 de novembro de 2021 incluído, e para a anualidade de 2022 ata o 15 de xuño de 2022. Así mesmo, logo de solicitude motivada do beneficiario e sempre que sexa autorizado polo órgano que ditou a resolución de concesión, terase en conta que as cantidades non xustificadas polos beneficiarios na anualidade de 2021 se poderán computar e xustificar na anualidade de 2022, sempre que non fosen susceptibles de perda do dereito ao seu cobramento de acordo co disposto no artigo 21.9».

Segundo. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Axencia Galega da Industria Forestal (www.xera.gal), para os efectos previstos nos artigos 44 e 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra a presente resolución non cabe recurso de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2021

José Ignacio Lema Piñeiro
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: zhr3qsb0-p116-41j2-j8s1-s7gnpfu4k9j7

